



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Asto.: Comunicación relativa ás obrigas de facturación electrónica a partir do 15.1.2015

Os provedores que houberan entregado bens ou prestado servicios ao concello poderán **expedir e remitir factura electrónica a partir do 15.1.2015 nos termos previstos na lei 25/2013**, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, en base á entrada en vigor, con data de hoxe, do seu artigo 4, sobre obrigas de presentación de factura electrónica, prevista na disposición final oitava da citada norma.

En todo caso, quedan **obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu as entidades a que fai referencia o artigo 4º** da citada norma (entre outros, as Sociedades anónimas; Sociedades de responsabilidade limitada; Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española; Unións temporais de empresas) respecto das facturas **polo importe superior a 5000 (cinco mil) euros**, impostos engadidos.

A estes efectos, os **códigos DIR3 do concello de Bueu, indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas deste concello**, establecidos por resolución de alcaldía núm. 939/14 de 9.12.2014 (BOP núm. 6 de 12.1.2015), son:

| | |
|--------------------------------------------|-------------------------|
| Órgano xestor (OX): Xunta de goberno Local | Cód. DIR 3 OX:LO1360046 |
| Unidade tramitadora (UT): Secretaría | Cód. DIR 3 UT:LO1360046 |
| Oficina contable (OC): Intervención | Cód. DIR 3 OC:LO1360046 |

O que se comunica para xeral coñecemento dos contratistas do concello para o seu coñecementos e efectos.

Bueu, a 15 de xaneiro de 2014

O alcalde

Félix Juncal Novas



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111